



Este proxecto está cofinanciado por



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL

*"Unha maneira de facer Europa"*



**Programa  
Urban ferrol**

# **BASES DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA O COMERCIO E A HOSTALERÍA URBAN FERROL 2011**

## **CONCELLO DE FERROL**



## INDICE

Indice.....	1
Exposición de motivos.....	2
Artigo 1. Obxecto.....	3
Artigo 2. Actuacións subvencionables.....	3
Artigo 3. Investimento subvencionable.....	3
Artigo 4. Financiamento.....	4
Artigo 5. Beneficiarios.....	4
Artigo 6. Criterios de adjudicación .....	4
Artigo 7. Contía da subvención.....	5
Artigo 8. Procedemento de concesión da subvención.....	5
Artigo 9. Comisión de valoración.....	5
Artigo 10. Órgano competente para a resolución do procedemento de concesión.....	5
Artigo 11. Prazo de presentación de solicitudes.....	5
Artigo 12. Forma e lugar de presentación das solicitudes.....	6
Artigo 13. Resolución.....	7
Artigo 14. Prazo e forma de xustificación.....	7
Artigo 15. Modificación da resolución.....	7
Artigo 16. Seguimento, inspección e control.....	8
Artigo 17. Incumprimento, reintegros e sancións.....	8
Artigo 18. Publicidade das subvencións concedidas.....	8
Artigo 19. Compatibilidade .....	8
Artigo 20. Remisión normativa.....	9



Este proxecto está cofinanciado por



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL

*"Unha maneira de facer Europa"*



**Programa  
Urban Ferrol**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ferrol está a desenvolver o “Proxecto para a rexeneración urbana dos barrios históricos de orixe da cidade marítima de Ferrol ” cofinanciado nun 70 % polo FEDER, dentro da Iniciativa Urbana. O obxectivo principal deste proxecto é a rexeneración social e económica dos barrios de A Magdalena, Canido e Ferrol Vello, que conforman a zona Urban.

O proxecto posúe un carácter integral e recolle sete eixos de actuación. O segundo deles refírese ao desenvolvemento económico e do emprego na zona. Incardinado neste segundo eixo encóntrase o programa de axudas ás pequenas empresas, que consiste no establecemento dun réxime de axudas directas aos pequenos negocios da zona Urban, co fin de incentivar eficazmente os procesos de modernización que o conxunto empresarial da zona debe afrontar para acadar as condicións de competitividade que garantan a súa supervivencia e desenvolvemento.

Dentro do tecido económica da zona, o sector do comercio retalista precisa dun impulso e revitalización, especialmente no barrio de Ferrol Vello, máis afectado pola crise urbana. É por isto polo que o Concello de Ferrol no seu obxectivo de incentivar e potenciar o sector convoca unha liña de axudas para o comercio retalista e a hostalería da Zona Urban.



## **Artigo 1. Obxecto**

Esta norma ten por obxecto fixar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva do Programa de subvencións para o Comercio e a Hostalería Urban Ferrol 2011 do Concello de Ferrol para a modernización e mellora do pequeno comercio e a hostalería nos barrios de A Magdalena, Canido e Ferrol Vello, cofinanciado polo FEDER dentro da Iniciativa Urbana, Eixo 5 de Desenvolvemento Sustentable Local e Urbano do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.

## **Artigo 2. Actuacións subvencionables**

Considéranse actuacións subvencionables as que se citan a continuación:

1. Pintado e mantemento de fachadas
2. Mellora de escaparates
3. Colocación de novos rótulos
4. Obras de eliminación de barreiras arquitectónicas

Os investimentos non poden iniciarse con anterioridade á solicitude da axuda.

Os locais nos que se fagan as reformas deberán manter o seu uso empresarial durante un período mínimo de 5 anos.

## **Artigo 3. Investimento subvencionable**

O investimento subvencionable incluírá todos os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actuación subvencionable.

En particular, poderanse incluír os gastos seguintes:

1. Gastos de honorarios profesionais por redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde. Valoraranse como máximo no 4% do orzamento de execución material da obra incrementado nun importe fixo de 500 €.
2. Gastos derivados do tratamento de residuos das obras

Non serán subvencionables bens de segunda man nin impostos nin taxas nin gastos non admitidos pola lexislación comunitaria como gastos financeiros, multas ou xuros debedores entre outros.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 € no suposto de execución de obra, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características do gasto non existan no mercado suficiente número de entidades que presten ese servizo.

Se se considera que algún dos gastos presentados ten un importe superior ao valor de mercado, éste axustarase á baixa. No caso de obras servirán como referencia os que figuran na última Base de prezos de Construción de Galicia do Instituto Tecnolóxico de Galicia.



#### **Artigo 4. Financiamento**

Para a atención da presente convocatoria disporase dun crédito de 100.000,00 € con cargo ao Presuposto Municipal do exercicio 2011 na aplicación orzamentaria: 0206-2414-7700000

#### **Artigo 5. Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas que acometan a reforma ou modernización como propietarios ou titulares de dereito, usufructuarios, arrendatarios ou por outros títulos xurídicos de igual natureza admisible en dereito situados na zona Urban.

As empresas deberán cumprir as seguintes condicións:

- A súa plantilla non debe superar as 50 persoas empregadas
- O seu volume de negocio ou o seu balance xeral anual non supere os 10 millóns de euros
- Non estea participada directa ou indirectamente en máis dun 25 % por persoas físicas ou xurídicas que non reúnan algún dos requisitos anteriores.
- A actividade principal da empresa debe estar encadrada nos epígrafes correspondentes ás agrupacións 64, 65, 66, 67 e 68 ou aos grupos 755, 971, 972 ou 973 do IAE

Non poderán ter a condición de beneficiarios do programa regulado na presente norma as persoas nas que concurran as circunstancias sinaladas no apartado 2º do artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### **Artigo 6. Criterios de adxudicación**

Criterios	Puntuación
Impacto visual da intervención	20
A solicitude de varios locais contiguos ou na mesma rúa cunha proximidade visual	15
Establecementos situados no barrio de Ferrol Vello	10
Antigüidade da actividade de máis de 10 anos	10
Actuación en edificio catalogado no PXOM	10
Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita axuda	5

No caso de empate a puntos entre varias solicitudes, o criterio de prelación aplicable será o da data de presentación de solicitudes.



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Programa  
Urban Ferrol

### **Artigo 7. Contía da subvención**

A subvención acadará o 50 % do gasto total subvencionable, co límite de 6.000 €.

En virtude dos límites impostos pola normativa mínimis, a axuda recibida non pode facer que o importe total de axudas deste tipo recibidas durante un período de 3 anos sexa superior ao límite de 200.000 €.

### **Artigo 8. Procedemento de concesión da subvención**

As subvencións otórganse en réxime de concorrencia competitiva en función da puntuación obtida trala aplicación do baremo establecido no artigo 6º, considerando as solicitudes que reúnan todos os requisitos esixidos, en tanto exista consignación presupostaria.

No caso de que houbera que desestimar solicitudes por falta de orzamento, incluírase na resolución unha relación de solicitudes que cumpran todos os requisitos, ordeadas a efectos de concesión para que, no caso de renuncia dalgunha das empresas beneficiarias se poida acordar a concesión ás empresas solicitantes seguintes.

### **Artigo 9. Comisión de valoración**

A Comisión de Valoración das solicitudes estará formada por :

- O Concelleiro de Facenda e Patrimonio, Promoción Económica e Emprego, Modernización Municipal e Promoción Turística
- Dous técnicos/as da Oficina Urban
- Dous técnicos/as de Urbanismo

A Comisión de Valoración elevará a proposta de concesión de subvencións ao órgano competente para a resolución.

### **Artigo 10. Órgano competente para a resolución do procedemento de concesión**

O órgano competente para resolver a concesión será o Alcalde do Concello de Ferrol

### **Artigo 11. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.



## **Artigo 12. Forma e lugar de presentación das solicitudes**

As solicitudes deberán presentarse conforme ao modelo normalizado, recollido no Anexo I da convocatoria, no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol situado na Praza de Armas s/n en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres e sábados de 9.00 a 13.00 horas. Así mesmo, poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O modelo de solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

1. Copia compulsada do DNI do titular da actividade ou NIF da empresa
2. Copia compulsada do DNI do representante e poder bastante da representación
3. Copia compulsada do título de propiedade ou contrato de arrendamento do local
4. De ser o caso, autorización do/a propietario/a para realizar as obras
5. De ser o caso, solicitude de licenza de obras
6. Certificación emitida pola entidade financeira da titularidade da conta
7. Copia compulsada do documento de alta no Imposto de Actividades Económicas
8. Copia compulsada do documento de licenza de apertura
9. Memoria descritiva que inclúa, alomenos, a seguinte información:
  - Descrición das obras
  - Orzamento do investimento con medicións e prezos unitarios
  - Relación exhaustiva dos materiais e acabados propostos
  - Reportaxe fotográfica en formato dixital e papel que reflecta a situación actual
10. Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia
11. Declaración responsable de non incorrer nos supostos de incapacidade para recibir subvencións, das subvencións obtidas nos tres últimos anos e das solicitadas ou pendentes de solicitar (Anexo II)
12. Declaración relativa á condición de microempresa ou pequena empresa (Anexo III)
13. De ser o caso, compromiso de emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita axuda. (Anexo V)
14. Compromiso de mantemento da actividade empresarial (Anexo VI).

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que subsane no prazo máximo de 10 días hábiles.

Independentemente do anterior, poderá requirirse toda a información e documentación complementaria precisa para unha mellor valoración da solicitude.



### **Artigo 13. Resolución**

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, o Concello de Ferrol, mediante acordo do órgano competente para resolver, concederá ou denegará as solicitudes de subvención no prazo máximo de 3 meses desde a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes, entendendo éstas desestimadas se no dito prazo non recae resolución expresa.

A resolución pon fin á vía administrativa e será notificada polos medios establecidos na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A concesión de subvención definitiva estará condicionada á obtención, no seu caso, da licenza de obras definitiva e demais permisos e autorizacións preceptivos.

### **Artigo 14. Prazo e forma de xustificación**

Os beneficiarios achegarán no prazo de 6 meses desde a concesión da subvención e nos mesmos lugares que os sinalados para a solicitude a seguinte documentación:

Relación de todos os gastos realizados segundo o modelo do Anexo IV

Facturas legais emitidas a nome do beneficiario correspondentes ás actuacións realizadas

Certificación ou relación valorada dos traballos realizados no caso das obras

Licenza de obras

Xustificante de entrega a xestor autorizado de residuos de obra

Xustificante bancario do movemento na conta do beneficiario á conta do acredor que figura na factura (orde de transferencia e cargo na conta). O xustificante bancario debe vincular o movemento coa factura que se paga

Reportaxe fotográfica que reflicta o resultado das actuacións subvencionadas e o cumprimento das medidas de publicidade.

Declaración responsable (Anexo II) actualizada á data de presentación da xustificación

Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.

Non se admitirán pagamentos en metálico.

As facturas devolvanse estampilladas con indicación do importe subvencionado en cada caso.

En casos extraordinarios poderá autorizarse unha prórroga para o prazo de xustificación.

### **Artigo 15. Modificación da resolución**

No caso de que o gasto xustificado sexa menor ao investimento presentado, a subvención axustarase á baixa na mesma proporción na que se reduce o investimento. Se a diferenza fora debida á falta de execución dalgunha actuación, a Comisión de Valoración poderá valorar se se segue cumprindo a finalidade e, no seu caso, propor a perda da subvención.



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Programa  
Urban Ferrol

## **Artigo 16. Seguimento, inspección e control**

O Concello de Ferrol poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das obrigas do beneficiario.

Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e control financeiro exercidos pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e a IGAE. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, así como aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

No exercicio das funcións anteriores, os beneficiarios deberán achegar tanta información lles sexa requirida.

## **Artigo 17. Incumprimento, reintegros e sancións**

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno expediente de reintegro, que se axustará ao previsto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

## **Artigo 18. Publicidade das subvencións concedidas**

Os beneficiarios deberán cumprir as seguintes medidas de publicidade:

- Durante o período de desenvolvemento das obras, colocación dun cartel informativo cos logotipos das entidades cofinanciadoras, cuxo modelo lles será facilitado polo Concello.
- Unha vez finalizada a actuación, colocación dun cartel permanente nun sitio visible da fachada ou espazo destinado á venda, segundo o modelo facilitado polo Concello, ata a finalización do Programa Urban.

Así mesmo, os beneficiarios das subvencións concedidas figurarán nos listados públicos dos boletíns oficiais e nas páxinas web das entidades cofinanciadoras.



## **Artigo 19. Compatibilidade**

As subvencións concedidas ao abeiro desta liña de axudas son compatibles con outras axudas da mesma natureza sempre que a suma dos importes concedidos non exceda os límites sinalados pola lexislación nacional ou comuntaria.

Desde o Concello realizarase o seguimento das axudas de mínimos dos últimos 3 anos.

## **Artigo 20. Remisión normativa**

A presente convocatoria axustarase ao establecido na seguinte normativa:

- Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
- Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Fondo Social Europeo e Fondo de Cohesión
- Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello
- Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado de Axudas de Mínimis
- Recomendación da Comisión de 2003/361/CE do 6 de maio
- Lei 30/1992 do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións
- Orde EHA/524/2008 de 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos
- Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia
- Bases de execución do orzamento do Concello de Ferrol

Ferrol, 2 de maio de 2011

O Alcalde

Fdo.: Vicente Irisarri Castro



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Programa  
Urban Ferrol

## ANEXO I

### Modelo de solicitude PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DO COMERCIO E A HOSTALERÍA URBAN FERROL 2011

DATOS DO/A SOLICITANTE	
Nome ou razón social	CIF/NIF
Enderezo	
Nome e apelidos do representante legal:	
DNI do representante legal:	
Enderezo para notificacións:	
Correo electrónico:	Teléfono:

DATOS DO PROXECTO	
Enderezo do establecemento:	
Epígrafe IAE:	Data de inicio de actividade: (Alta IAE)
Data de inicio do proxecto:	Data de finalización do proxecto:
Tipo de actuación a realizar: (Marcar)	
Pintado e mantemento de fachadas <input type="checkbox"/>	Mellora de escaparates <input type="checkbox"/>
Rótulos <input type="checkbox"/>	Obras de eliminación de barreiras arquitectónicas <input type="checkbox"/>
Orzamento total da actuación:	

<b>EXPÓN:</b>	
Que vista a convocatoria de subvencións do Urban Ferrol 2011 publicada con data _____ e, considerando que reúne os requisitos esixidos e coa expresa aceptación do termos da convocatoria	
<b>SOLICITA:</b>	
Unha subvención para o financiamento da actuación proposta	

Sinatura do/a solicitante ou representante legal:	
Lugar e data: _____, de _____ de 2011	
<b>ILMO. SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL</b>	



**ANEXO II  
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/D<sup>a</sup> .....

con DNI.....

en representación de .....

como titular de (nome comercial).....

con domicilio en.....

en calidade de.....

**DECLARO:**

5. Non incorrer nos supostos de incapacidade para recibir subvencións das administracións públicas (apartado 2º do artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia).
6. Que esta entidade obtivo, solicitou ou vai solicitar para financiar estas actuacións as seguintes axudas xestionadas polas administracións ou entes públicos nacionais ou internacionais que se relacionan de seguido:

Entidade que convoca e título das axudas	Boletín de publicación das bases	Importe solicitado	Importe concedido	Data de concesión

7. Que para outras actuacións desta entidade obtivo nos tres últimos anos, solicitou ou vai solicitar as seguintes axudas suxeitas á normativa de "mínimis" xestionadas polas administracións ou entes públicos nacionais ou internacionais qu se relacionan de seguido:

Entidade que convoca e título das axudas	Boletín de publicación das bases	Importe solicitado	Importe concedido	Data de concesión

E comprométome a comunicar por escrito ao Concello de Ferrol calquera modificación sobre o financiamento solicitado ou recibido antes da xustificación da subvención.

Ferrol, a            de            de 2011

Asdo. :



Este proxecto está cofinanciado por  
**FONDO EUROPEO DE  
 DESENVOLVEMENTO  
 REXIONAL**  
*"Unha maneira de facer Europa"*



**Programa  
 Urban ferrol**

**ANEXO III**

**DECLARACIÓN RELATIVA Á CONDICIÓ DE PEME**

D/Dª .....  
 con DNI.....  
 en representación de .....  
 como titular de (nome comercial).....  
 con domicilio en.....  
 en calidade de.....

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- 1) Que á data de peche do último exercicio :  
 Ocupou menos de 50 persoas (incluído, no seu caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos).  
 O seu volume de negocios foi menor de 10.000.000€ (impostos excluídos)  
 O importe do balance xeral anual, activo total, foi menor de 10.000.000€

**Os puntos 2 e 3 deben cubrirse no caso de sociedades e o punto 4 só no caso de empresas asociadas ou vencelladas:**

- 2) Que a sociedade á que representa foi constituída con data..... e inscrita no Rexistro Mercantil con número .....
- 3) Que o tipo de empresa solicitante é:  
 Empresa autónoma       Empresa asociada       Empresa vencellada
- 4) Que o órgano de administración da sociedade está composto polas persoas e co cargo que a continuación se relaciona:  
 .....  
 .....  
 .....

E para que así conste ante o Concello de Ferrol, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados

Ferrol, a                    de                    de 2011

Asdo. :





FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Programa  
Urban ferrol

## ANEXO V

### Compromiso de utilización da lingua galega

D/D<sup>a</sup> .....  
con DNI.....  
en representación de .....  
como titular de (nome comercial).....  
con domicilio en.....  
en calidade de.....

#### DECLARA:

O compromiso de utilización da lingua galega nos documentos habituais de comunicación da empresa.

Ferrol, a            de            de 2011

Asdo. :



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Programa  
Urban ferrol

## ANEXO VI

### Compromiso de mantemento da actividade

D/D<sup>a</sup> .....  
con DNI.....  
en representación de .....  
como titular de (nome comercial).....  
con domicilio en.....  
en calidade de.....

### DECLARA:

O compromiso de mantemento da actividade empresarial alomenos durante un período de 5 anos contado desde a finalización do investimento para o que se solicita subvención.

Ferrol, a            de            de 2011

Asdo. :